



PACTO PARA A GOBERNACIÓN DO CONCELLO DE CULLEREDO ENTRE O PSdeG-PSOE E O BNG

Os abaixo asinantes, Julio Sacristán de Diego, alcalde electo do PSdeG-PSOE, e Raquel Jabares Fernández, concelleira-portavoz do BNG, membros da Corporación Municipal asinan o seguinte Pacto de Goberno Estábel para o mandato municipal 2011-2015.

Ambas as dúas formacións políticas lograron chegar a un acordo de gobernabilidade xa que son conscientes da necesidade de propiciar unha estabilidade política no goberno municipal e establecer o presente acordo para a gobernación do concello partindo do seguinte:

1. Compromiso de impulsar na acción municipal un goberno cimentado na proximidade aos veciños e ás veciñas e aos seus problemas, un goberno forte para ofrecer un maior nivel de benestar.
2. O noso concello comprométese co desenvolvemento e co equilibrio territorial e medioambiental, apostando por un modelo de crecemento sustentábel, respectuoso co medio e coas persoas. Pularemos por unha política de ordenación territorial e planificación urbanística inserida nunha concepción galega global e destinadas ao desenvolvemento sustentábel, equilibrio territorial, urbanismo racional e debida protección do ambiente e da paisaxe.
3. Partindo da premisa que os concellos son instrumentos fundamentais para a mellora da calidade de vida e a conquista do benestar e a igualdade, serán liñas de actuación prioritaria as políticas de promoción económica e creación de emprego, de desenvolvemento de programas de benestar social, de defensa do medio ambiente, de igualdade entre homes e mulleres, as políticas sociais de vivenda, así como de dotación de equipamentos educativos, sanitarios, culturais, deportivos, turísticos e xuvenís, sempre de conformidade coas competencias recollidas na Lei de Bases de Réxime Local.
4. Xestionaremos o Concello de Culleredo de xeito democrático, transparente e aberto á participación cidadá. Promoveremos fórmulas para que os veciños e veciñas sexan partícipes das decisións e asumimos o firme compromiso cos valores éticos e co interese público.
5. O Concello de Culleredo será axente activo na promoción da cohesión social,

a identidade cultural e a extensión de usos do noso idioma. Nese sentido, cumprirá e fará cumprir a lexislación en materia lingüística.

6. Fundamentamos o presente acordo de goberno para o Concello de Culleredo nos seguintes criterios:

- **Principio de unidade de xestión e de solidariedade:** O goberno municipal, como órgano único e colexiado, actuará con cohesión, lealdade e apoio mutuo, responsabilizándose de xeito conxunto e solidario do funcionamento do concello, partindo do diálogo e co compromiso cun programa municipal común. Cada formación política manterá a súa autonomía de actuación no que exceda á xestión municipal.
- **Principio de autonomía:** O Alcalde efectuará unha delegación xenérica de competencias aos concelleiros/as que contemplará todas as facultades, dereitos e deberes na materia ou área delegada agás as indelegábeis, co obxecto de garantir a capacidade de xestión na súa área, dentro do marco das liñas programáticas básicas e no sometemento ás normas xerais e ás decisións corporativas, que garantizan o funcionamento unitario do goberno municipal.
- **Principio de eficacia:** na acción de goberno primará a axilidade, eficiencia e eficacia, para así acadar un nivel óptimo de prestación de servizos e de mellora de calidade de vida dos cidadáns.

ACORDO PROGRAMÁTICO

1. Posta en marcha dun Plan de Emprego para a Mocidade vertebrado na formación e na cooperación coas empresas ubicadas preferentemente no Concello.
2. Comprometémonos a incrementar en cada orzamento o gasto social co fin de atender as necesidades básicas dos nosos veciños e veciñas nestes momentos de crise económica.
3. Posta en marcha dun Plan de Control do Absentismo Escolar en colaboración coa comunidade educativa. Asimesmo elaboraremos Plans transversais tendentes a erradicación do absentismo escolar.
4. A dinamización Local e o Turismo son fontes de riqueza para o noso Concello e seguiremos a traballar na mesma liña que anos anteriores, fomentando eventos que atraian a xente a Culleredo e ofrezan lecer alternativo e de calidade.
5. Optimización de recursos: axustaremos os programas de actividades municipais acadando por unha banda maior colaboración con ANPAS, Clubes Deportivos e Entidades e reducindo os custes das mesmas.
6. Comprometémonos a aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), que será exposto a información pública no primeiro ano de mandato municipal. Crearemos unha Mesa na que estarán todos os grupos políticos con representación municipal. O Plan recollerá as necesidades de vivenda de protección precisas para Culleredo, fomentará a cohesión territorial e a sustentabilidade, deseñará os novos espazos públicos e os equipamentos tanto de carácter municipal como comarcais.
7. Demandaremos a administración galega a construción urxente dun novo CEIP, un IES e unha nova Escola Infantil Municipal e a licitación urxente do Centro de Saúde do Portádego.
8. Seguiremos a fomentar o uso de enerxías renovábeis, pois ademais de axudar a conservar o noso medio contribúen a eficiencia orzamentaria do Concello. Continuaremos coas medidas de redución do consumos de enerxía mediante as instalacións de novos dispositivos de aforro e luminarias eficientes.
9. Redacción do Plan de Seguridade Vial do Concello de Culleredo, incrementando as medidas de seguridade mediante a ampliación das zonas 30, rúas peonís, rúas dunha única dirección, ampliación das sendas peonís nas estradas e rúas de máxima circulación cara a redución da siniestralidade e un Concello máis seguro..
10. Impulsaremos medidas políticas para consorciar, mancomunar ou compartir servizos cos concellos da Comarca, propiciando así o

abaratamento e mellorados recursos e servizos..

11. Continuaremos na senda iniciada para chegar aínda máis a administración á cidadanía a través da rede. Implementaremos novos servizos na web municipal co fin de reducir a burocracia administrativa e mellorar a atención ao cidadán.

ALCALDÍA, 1ª TENENCIA DE ALCALDÍA, PORTAVOCÍA DO GOBERNO E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

- Correspóndelle ao BNG a **1ª Tenencia de Alcaldía**, recaendo a mesma na concelleira **Raquel Jabares Fernández**, que actuará ademais como coordinadora das áreas de responsabilidade do BNG.
- Nos actos públicos o alcalde delegará, en caso de ausencia, na 1ª Tenencia de Alcaldía.
- A Alcaldía delegará na Xunta de Goberno, no primeiro pleno que se celebre logo da toma de posesión do novo goberno, todas as atribucións suceptíbeis de ser delegadas conforme ao disposto na lexislación.
- A Alcaldía fará unha delegación xenérica de competencias a favor dos concelleiros e concelleiras que contemplará todas as facultades, dereitos e deberes na materia ou área delegada agás as indelegábeis, co obxecto de garantir a capacidade de xestión na súa área.
- O alcalde preside o goberno municipal e será obriga dos concelleiros/as-delegados/as informarlle das xestións e acordos nas respectivas áreas. Ademais de informarlle dos asuntos relativos ás Comisións Informativas, para tal fin creárase unha Comisión de Coordinación Municipal, que se reunirá quincenalmente, na que estarán presentes todo os Concelleiros do Equipo de Goberno.

XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- A Xunta de Goberno Local estará constituída por SEIS membros do PSdeG-PSOE –que incluírá ao alcalde-presidente- e DOUS do BNG.
- Todos os asuntos da Orde do Día ou urxentes serán coñecidos antes da celebración da sesión e deberán estar consensuados e debatidos previamente; dirimindo as diferenzas ou discrepancias, no espírito de ofrecer a imaxe dun goberno único e sólido, entre a Alcaldía e 1ª Tenencia de Alcaldía, ou a través da Comisión de Coordinación Municipal.
- Na Xunta de Goberno Local todos os puntos da orde do día serán aprobados por unanimidade, retirándose da mesma os que presenten dúbidas ou discrepancias.

ÁREAS DE GOBERNO

O goberno estará artillado nas seguintes áreas de traballo:

1. **Alcaldía e Economía;** competencia do PSdG-PSOE.
2. **Benestar e Dinamización Local:** competencia do BNG
3. **Administración Local e Cultura:**competencia do PSdG-PSOE.
- 4.**Urbanismo:**competencia do PSdG-PSOE.
- 5.**Medioambiente, servizos e obras:**competencia do PSdG-PSOE.
- 6.**Promoción Económica, Formación e Emprego,** competencia do PSdG-PSOE.

COMISIONS INFORMATIVAS E MESAS

Se constituirán as seguintes comisións informativas:

1. **Economía:** presidida polo PSdG-PSOE
2. **Benestar e Dinaminación Local:** presidida polo BNG
3. **Administación Local e Cultura:**presidida polo PSdG-PSOE
4. **Urbanismo:**presidida polo PSdG-PSOE
5. **Medioambiente, Servizos e Obras:**presidida polo PSdG-PSOE
6. **Promoción Económica, Formación e Emprego.:**presidida polo PSdG-PSOE

Na **Mesa de Contratación** terán representación todos os grupos políticos da corporación na seguinte proporción:

- PSdG-PSOE: 2 membros
- APdC: 1 membro
- PP: 1 membro
- BNG: 1 membro

Na **Mesa do PXOM** terán representación todos os grupos políticos da corporación na seguinte proporción:

- PSdG-PSOE: 2 membros
- APdC: 1 membro
- PP: 1 membro
- BNG: 1 membro

Na **Mesa do Aeroporto** terán representación todos os grupos políticos da corporación na seguinte proporción:

- PSdG-PSOE: 2 membros
- APdC: 1 membro
- PP: 1 membro
- BNG: 1 membro

COMPETENCIAS DAS ÁREAS

ÁREAS DO PSDG-PSOE:

- **Alcaldía e Economía:** Facenda, Contratación, Patrimonio, Transporte e Conservatorio Municipal.
- **Administración Local e Cultura:** Personal, Seguridade, Participación Cidadá, Educación, Cultura e Deportes
- **Urbanismo.**
- **Medioambiente, servizos e obras.**
- **Promoción Económica, Formación e Emprego:** Promoción Económica, Formación, Emprego, Cooperación, Voluntariado e Mocidade.

ÁREAS DO BNG:

- **Benestar e Dinamización Local**

Benestar:

- Información e orientación Social
- Convivencia e autonomía personal (excepto a inserción Laboral)
- Prevención e Dinamización Social: Centro Municipal de personas maiores (incluída a coral e o grupo instrumental), coordinación cos Centros de Día, aulas de personas adultas, atención a menores e Centro Ocupacional a Escada
- Atención a Infancia e coordinación coas Escolas Infantís.

Sanidade:

- Posta en marcha de programas de prevención, promoción e coidado da saúde
- Coordinación coas entidades socio-sanitarias
- Coordinación cos centros de saúde.
- As competencias recollidas no DOG nº143 do xoves 24 de xullo de 2008, no capítulo II referente a Administración Local en materia de Sanidade.

Igualdade:

- CIM
- Casa de acollida
- Políticas vencelladas a igualdade entre homes e mulleres
- Coordinación das entidades de mulleres.

Dinamización Local

- Venda ambulante: feirón, feiras e mercados
- Turismo: Oficina de turismo, promoción turística de Culleredo, mellora e promoción das instalacións turísticas.
- Festas: coordinación coas comisións de festas na organización e colaboración municipal.
- Innovación: Promoción e difusión das novas tecnoloxías públicas e privadas (servizo de Culleredo en bici).
- Organización de eventos (como a cabalgata de Reis ou o Día da Familia)

PERSONAL

Benestar, Sanidade e Igualdade: manterase o personal que actualmente figura na RPT vixente vencellados ao Servizo de Benestar Social con excepción do técnico de Xuventude e o auxiliar administrativo con xornada de tarde, o técnico de animación sociocultural de xornada de tarde e o Educador Social de xornada partida que pasarán a formar parte da Area de Promoción Económica Formación e Emprego,. Incluirase neste servizo o personal que agora depende de Sanidade(un pedagogo) e de Igualdade(Un Educador Social e un Psicólogo) así como un administrativo.

Dinamización Local: manterase o personal que actualmente figura na RPT vixente vencellados ao servizo de Promoción Económica con excepción do técnico de desenvolvemento local. No seu lugar pasará a formar parte do servizo outro técnico.

ORZAMENTOS E DEDICACIÓNS

- Cada concelleiro/a-delegado/a terá ao seu cargo o persoal e instalacións adscritas a cada departamento citado, segundo o anterior, sen prexuízo de poder dispoñer das demais instalacións municipais se fose necesario.
- Os distintos plans das Administracións e orzamentos municipais serán dedicados preferentemente a obras, e servizos, determinados pola necesidade e o consenso.
- O PSdeG-PSOE disporá de TRES ADICACIÓNS EXCLUSIVAS; e o BNG disporá de DÚAS ADICACIÓNS EXCLUSIVAS.
- O PSdeG-PSOE disporá de DOUS ASESORES DE LIBRE DESIGNACIÓN;
- A adicación exclusiva do Alcalde será remunerada según o grupo A1, complemento de destino 30 e complemento específico con 410 puntos. As adicación da 1ª Tenente de Alcalde e do resto de concelleiras se concelleiros será remunerada según o grupo A2, complemento de destino 26 e complemento específico con 188 puntos. O personal de libre designación será remunerado según o grupo C1 complemento de destino 20, complemento específico con 90 puntos e xornada especial.
- Todo o aquí recollido, enténdese como o funcionamento dun Equipo de Goberno Único, no que se traballará cóbado con cóbado para sacar adiante as infraestruturas e os servizos que o noso concello está a demandar.

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO PACTO DE GOBERNO

Constituirase unha **Comisión de Seguimento do Pacto**, formada por CATRO persoas, para interpretar aqueles aspectos que sexa preciso e resolver as diferenzas que poidan aparecer tanto na acción de goberno como entre os dous grupos que o forman. Esta comisión reunirse a solicitude de calquera das partes e convocada cunha antelación mínima de 36 horas.

Estará constituída, no caso do PSdeG-PSOE, polo secretario da agrupación local e polo Alcalde. Polo BNG, serán o/a responsábel comarcal da Coruña, e polo/a responsábel local de Culleredo.

Culleredo, ****de xuño de 2011

Polo PSdeG-PSOE.

Polo BNG.

D. Julio Sacristán de Diego

Dna. Raquel Jabares Fernández

